

## SEMANA BRANCA.



Grauroig (Grandvalira) <https://www.grandvalira.com/es>

22 ao 29 de Marzo de 2025.

Alumnado de 4º ESO, 1º BAC e FP Básica.

Prezo por persoa: 625 €.

O prezo inclúe:



**Viaxe en autobús:** saídas sábado ás 21:00 horas aproximadamente. Chegada ás 13:00 horas do domingo a Andorra. Estancia 5 noites en Andorra.



**Estancia 5 noites en Andorra** en Sercotel Delfos, situado no centro de Escaldes a menos de 400 metros da rúa principal.

<https://www.sercotelhoteles.com/es/hotel-delfos-andorra>



**Distribución en habitacións:** escolares en cuartos triplos e cuádruplos.




**Réxime:** Pensión completa (almorzo no hotel, cea en hotel e comida en pistas).



**Forfait de 5 días:** escolares no sector Grauroig-Pas da Casa.



**Clases de esquí:** 2 horas diarias en Grauroig.



**Alugueiro de material:** en Santa Coloma (non hai que subir a pistas) a 10 minutos do hotel dirección España. Servizo diario en tenda a pé de pistas por se rompe ou se se perde material.

- Alugueiro de cascos.
- Gaiolas para gardar o material.
- Seguro de viaxe, de esquí e accidentes e responsabilidade civil durante toda a viaxe desde que se sae do centro educativo ata que se regresa ao mesmo.
- Rifas para o financiamento da viaxe.

## O PREZO INCLÚE TAMÉN...

- Asistencia de Guía en Andorra (entrada no hotel, acompañamento a alugueiro e desconto de entrada a Caldea). *O responsable da axencia de viaxes estará en Andorra toda a semana acompañando aos grupos.*
- Dorsais deportivos para o alumnado (serven para identificalos/as facilmente, e por seguridade, para días de pouca visibilidade).
- 1 móbil andorrano durante toda a viaxe (para estar en contacto con Viaxes Sierra e facilitarlllo ás familias).
- Walkie Talkies para o profesorado (facilita o contacto entre profesores/as).
- Guía de Información: Facilitamos unha guía con diferentes documentos (presentación destino, seguridade en pistas, primeiras nocións) para o bo desenvolvemento e organización da viaxe.
- Reunións virtuais (as que necesite o centro).
- Entrega de documentación ao centro o día de chegada.

## O PREZO NON INCLÚE:

- Bebidas incluídas nas comidas (só auga).
- Taxas non incluídas, a pagar directamente en Andorra. Pago directo 10€ / semana en hoteis de 4\* para alumnado de 16 anos ou máis.
- Todo aquilo que non estea especificado no apartado anterior.

## OBSERVACIÓNS:

- **Formalización reserva:** é necesario un depósito de 150 € por persoa para garantir a reserva antes do 30 de outubro. Outro pago depósito de 150 € antes do 10 de xaneiro. O resto do pago ten que realizarse 10 días antes da saída, 12 de marzo.

**Número de conta: ES27 2080 0341 1030 4006 8745.**

**Na transferencia deberá indicarse como concepto: Cedeira - Nome e apelidos do/da alumno/a.**

- 

Primeiro Pago.	150 euros.	30 de outubro.
Segundo Pago.	150 euros.	10 de xaneiro.
Terceiro Pago.	Resto do custo da viaxe.	12 de marzo.

- **Condicións de CANCELACIÓN de todo o grupo:** desde o momento da confirmación e pago ata 45 días antes da chegada 95 € por persoa; entre 45 días e 15 días antes da saída, 150 € por persoa; con menos de 15 días á data de saída o 100% do importe da viaxe.
- **Condicións de CANCELACIÓN de alumnos/as individualmente:** desde o momento da confirmación e pago ata 10 días antes da saída, 150 € por persoa, con menos de 10 días antes á data de saída, o 100% do importe da viaxe.

- **Posibilidade de seguro OPCIONAL de CANCELACIÓN por causas moi xustificadas** (consultar condicións, exemplo parte médico onde se indique que non se pode viaxar) por importe de 25 euros por persoa.
- Non se realizará ningunha devolución por anulación da viaxe a quen non contratase seguro de cancelación; a reclamación desa devolución débese realizar directamente á compañía aseguradora, xustificando a cancelación, e será a compañía aseguradora a que decida se realiza a devolución atendendo ás coberturas contratadas (consultar)
- Hai que solicitar na seguridade social o convenio existente entre España e Andorra para a asistencia da viaxe, que complementará a do seguro da axencia (o alumnado leva a documentación, e tamén estará á vosa disposición na páxina web).
- Débese solicitar á Garda Civil o Certificado de autorización de saída de menores para a viaxe a Andorra (o centro entregará o formulario en tempo e forma para cumprimentar polas familias e entregar na Garda Civil).

*\*A documentación relativa á asistencia sanitaria e a saída de menores ao estranxeiro, deberá entregarse no centro educativo con data límite o mércores 26 de febreiro.*

- O seguro ten cobertura durante a viaxe, NON INCLÚE ningún tipo de asistencia médica nin doutro tipo unha vez que o cliente chega á súa orixe. O seguro acaba a súa prestación cando o cliente finaliza a viaxe.
- **Rifas que entrega a Axencia:** en caso de cancelación da viaxe por calquera causa, o importe das rifas vendidas (cada rifa ten un importe de 1,5 euros) non será reembolsable e deberá ser abonado a Viaxes Sierra, independentemente de cales fosen os gastos de cancelación.
- En caso de perda ou ruptura de material, o centro é o único responsable ante a tenda de esquí, debendo abonar os importes que teña establecidos a tenda para cada caso.
- Ver condicións particulares e xenerais en Dossier Semanas Brancas 2024-25 e na web [www.viajessierra.com](http://www.viajessierra.com) e [www.viajesdecolegios.com](http://www.viajesdecolegios.com)

## SUPLEMENTOS E DESCONTOS:

- Aluguer do material snow: 40,00 €.
- Desconto alugueiro de material -12,00 €.
- Caldea Spa augas termais - 2 horas – posiblemente o xoves ou venres:  
prezo con desconto 29,00 €.

<https://www.caldea.com/>

- 1 hora máis de clase ao día: 15 €.
- Comida o día de chegada: a cargo do alumnado.

## VIAJES SIERRA

Teléfono: 881 979 138.

Móvil 24h. 670 035 719.

Dirección: c/ Montero Ríos 46 – Santiago de Compostela

[www.viajessierra.com](http://www.viajessierra.com)

[www.viajesdecolegios.com](http://www.viajesdecolegios.com)

[viajessierra@viajessierra.com](mailto:viajessierra@viajessierra.com)